

Novas novelas

Anxo Tarrío Varela

Non hai mal que por ben non veña, así reza un antigo adaxio que pode parecer un algo resignante e paralizador pero que, como todo o pertencente ao patrimonio paremiolóxico, non deixa de gardar algunha verdade profunda e, ás veces, unha aplicación consoladora a circunstancias concretas.

Así, por exemplo, o temporal que estivemos a sufrir este Nadal deume a oportunidade de me achegar a novelas galegas de última hora que me entretiveron ben, aínda que non todas por igual, loxicamente. Trátase de *Culpable de asasinato*, de Ursula Heinze, *Fóra de xogo*, de Manuel Forcadela, *En salvaxe compañía*, de Manuel Rivas e *Talego*, de Xosé Ballesteros.

Os tres primeiros escritores son xa de abondo coñecidos no panorama da literatura galega e non necesitan máis presentación. O cuarto, Xosé Ballesteros, era case descoñecido até este momento, en que foi revelado polo *Premio de novela García Barros* 1993, do Concello da Estrada.

Ursula Heinze, que non deixou de publicar, durante os últimos dez ou doce anos, libros de varia fasquía, ofrécenos agora a súa segunda novela (digamos) para adultos, moitos anos despois daqueloutra deliciosa, finalista do unixénito *Premio Chitón* (1981), titulada *O sonho perdido de Elvira M.* Nesta ocasión, a escritora alemana asentada en Galicia transcribe unha historia contada en primeira persoa por unha protagonista obsesionada por un accidente de infancia no que resultara morto un irmán seu e que agora revive ao se enfrontar con outra morte inminente, a do seu amante enfermo de cancro de pulmón. Unha das novidades da nosa escritora nesta novela é o achegamento ao tema erótico, que resolve dun xeito por veces descarnado e alguén dirá que atrevido, luenta co pornográfico.

Dúas novelas coinciden en situar os escenarios narrativos na cidade de Vigo: a de Manuel Forcadela e a de Xosé Ballesteros. En canto ao primeiro, cómpre dicir que xa publicara outras dúas do xénero negro, nas que dera vida a un personaxe abondo ben perfilado: o do detective Toni Barreiro, a quen polo tanto xa

coñecemos ao abrir as páxinas desta nova novela. Forcadela vai tomándolle ben o pulso a este xénero e, habida conta de que estamos diante dun poeta e escritor culto, o lector disfruta tanto da intriga e das tramas como do estilo e da visión que nos ofrece o autor da cidade de Vigo.

Pola súa banda, Xosé Ballesteros, entra na análise do mundo da droga e do delicto que inauguraran hai poucos anos novelistas como Xelís de Toro (*Con seis cordas e un corazón*) ou Suso de Toro (*Ambulancia*), e que despois seguiran outros escritores nun intento de incorporar á literatura as linguaxes e hábitos que circulan polos estratos marxinais da sociedade urbana actual. O resultado da novela de Xosé Ballesteros é moi interesante, e na mestura de rexistros que manexa este novo autor podemos albiscar un valor seguro para a nosa narrativa.

En canto novela de Manuel Rivas, é de salientar o forte marchamo cunqueiriano que imprimiu nesta ocasión á súa escritura o celebrado periodista e narrador. Arrincando dun fondo de lendas e de historia mítica de Galicia, Rivas achégase ao mundo feminino tratando de desvelalo e comprendelo nalgunha medida. O resultado é un un libro de lectura entretida que penetra, non obstante, por veces, nos tecidos máis profundos e definidores do ser galego.

O Correo Galego, 1997